Obxecto: Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras regulado polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento MT804B).

Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: O prazo de presentación das solicitudes rematará o día 31 de xaneiro de 2020.

ORDE do 5 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C, PE120E e PE120F). (Diario Oficial de Galicia, Num: 245, 26-12-2019, Páx: 54536)

CONVOCATORIAS

Destinatarios: Persoas físicas, xurídicas ou pluralidade de persoas físicas, agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica ou comunidade de bens que cumpran os requisitos relacionados no artigo 5 da Orde.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, e a convocatoria para 2020, de axudas destinadas á realización de actuacións por parte de propietarios de buques pesqueiros para fomentar unha pesca sustentable desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva.

Convoca: Consellería do Mar.

Prazo: 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ORDE do 9 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convoca para o ano 2020 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 245, 26-12-2019, Páx: 54653)

Destinatarios: Pescadores tripulantes de buques pesqueiros que cumpran os requisitos relacionados no artigo 5 da Orde.

Obxecto: Establecer a convocatoria para o ano 2020 e as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas destinadas a tripulantes de buques pesqueiros para fomentar unha pesca sustentable desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva. Código de procedemento administrativo PE119A.

Convoca: Consellería do Medio Rural.

Prazo: 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Bases do Programa provincial de cooperación para a elaboración de plans de emerxencia por seca, complementario das axudas concedidas co dito fin por Augas de Galicia en virtude da convocatoria publicada no DOG n.º 118, do 24 de xuño de 2019. (BOP Ourense, Num: 298, 30-12-2019, Páx: 18)

Destinatarios: Concellos da provincia de Ourense relacionados no punto terceiro desta cláusula.

Obxecto: Constitúe o obxecto destas bases a regulación dun programa de cooperación para a elaboración de plans de emerxencia por seca, destinado exclusivamente aos concellos da provincia de Ourense relacionados no punto terceiro desta cláusula, co fin de complementar as axudas concedidas a aqueles coa dita finalidade por Augas de Galicia en virtude da convocatoria publicada no DOG n.º 118, do 24 de xuño de 2019.

Convoca: Deputación Provincial de Ourense.

Prazo: Consultar na convocatoria.

CONVOCATORIAS

ORDE do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2020 para a concesión das primas de mantemento, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, relacionadas cos expedientes tramitados ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o establecemento de sistemas agroforestais (código de procedemento MR674B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 241, 19-12-2019, Páx: 53745)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios todos os titulares dos expedientes pagados antes do 31 de decembro de 2019 ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2016, que non fosen beneficiarios da Orde de axudas do 28 de decembro de 2018.

Obxecto: A orde, en réxime de concorrència non competitiva (procedemento MR674B), ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión das primas de mantemento dos anos 2020, 2021 e 2022, para os expedientes aprobados ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2016.

Convoca: Consellería do Medio Rural

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

ORDE do 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrència competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2020 (código de procedemento MT811A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 247, 30-12-2019, Páx: 55948)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias destas axudas as corporacións locais que, no seu ámbito territorial:

a) Presten o servizo de recollida e acollemento de animais e/ou a xestión de colonias felinas por si mesmas ou asociadas, en réxime de xestión directa ou indirecta.

b) Presten o servizo de recollida e acollemento de animais e/ou xestión de colonias felinas mediante convenio e/ou acordos de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no Rexistro Galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía.

2. En todo caso, o acollemento dos animais abandonados deberá terse realizado en centros debidamente autorizados para tal fin ou nos fogares de acollida dependentes deles e/ou en colonias felinas, reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia relativas á atención e coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias felinas reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2020 (procedemento MT811A).

Convoca: Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CONVOCATORIAS

Prazo: Ata o 16 de setembro de 2020.

ORDE do 5 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento PE201B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 242, 20-12-2019, Páx: 53989)

Destinatarios: Consultar a Orde do 5 de decembro de 2019.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, e a convocatoria para 2020 de axudas destinadas á realización de investimentos para pemes do sector transformador dos produtos da pesca e acuicultura que contribúan a fomentar unha pesca e acuicultura sustentables desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva.

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ORDE do 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE205F). (Diario Oficial de Galicia, Num: 246, 27-12-2019, Páx: 55463)

Destinatarios: As empresas acuícolas segundo dispón o artigo 46 do Regulamento (UE) nº 508/2014.

Obxecto: Establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas destinadas ás accións contempladas no artigo 1 da Orde.

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Estatat

Convocatoria de subvencións para a contratación de persoas desempregadas no ámbito da economía verde e azul. Programa Empleaverde.

CONVOCATORIAS

Destinatarios: -Persoas xurídicas privadas con ou sen ánimo de lucro.

-Persoas físicas que actúen como empregadoras.

Obxecto: Concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a contratación de persoas desempregadas a tempo completo, por un período mínimo de 6 meses, en entidades que estean vinculadas directa ou indirectamente coa economía verde e/ou azul ou entidades que, non estando vinculadas, xeren emprego que contribúa a unha liña de negocio sustentable ou á xestión dunha mellora ambiental na entidade.

Convoca: Fundación Biodiversidad.

Prazo: Ata o 17 de febreiro de 2020.

Extracto da Resolución do 18 de decembro de 2019 da Dirección da Fundación Biodiversidad, F. S. P., pola que se aproba a publicación da Convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento e impulso da sustentabilidade pesqueira e acuícola, no marco do Programa pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) en 2020. (Boletín Oficial del Estado, Num: 3012, 28-12-2019, Páx: 72955)

Destinatarios: Entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e debidamente rexistradas no rexistro correspondente, con personalidade xurídica propia e que teñan sede en España.

Obxecto: O Programa pleamar pretende reforzar a sustentabilidade do sector pesqueiro e acuícola español, impulsando a colaboración entre organizacións e institucións públicas e privadas que comparten o obxectivo de preservar os ecosistemas mariños e as actividades sustentables que neles desenvólvense.

Convoca: Fundación Biodiversidad

Prazo: Ata o 2 de marzo de 2020.

Internacional

Procura de empresa española por consorcio hispano marroquí para proxecto de I+D en fotocatalizadores para aplicacións ambientais

Destinatarios: Búscase empresa española para proxecto de I+D bilateral que xa conta co Institut de Tècniques Energètiques <https://inte.upc.edu/es> da UPC e o Centro Tecnolóxico MASCIR <https://www.mascir.com/> de Marruecos. Este consorcio busca unha empresa española para participar no proxecto bilateral de I+D " Immobilization of photo catalysts on 3D-printed substrates for energy and environmental applications".

Obxecto: A proposta ten o obxectivo de ser presentada á convocatoria bilateral INNO ESPAMAROC ENERGY: acordo con IRESEN, axencia dependente do Ministerio de Enerxía de Marruecos, para o establecemento dun programa no sector das tecnoloxías sustentables: EE.RR., eficiencia enerxética, Smart grids, Smart Cities, construción ecoeficiente, mobilidade sustentable, Green Energies, Green Mines, etc.

Convoca: Comisión Europea.

Prazo: Aberta ata o 24 de xaneiro de 2020.

Proxecto de I+D en industrias de curtiduría en temáticas enerxéticas e medioambientais

CONVOCATORIAS

Destinatarios: Búscase empresa española para proxecto de I+D bilateral co Centro Tecnolóxico marroquí CMTC-Centre Marocain deas Technologies du Cuir para varias ideas de proxecto nos ámbitos enerxético (producción renovable, gasificación, waste to energy, eficiencia) e medio ambiental (xestión de residuos e auga, fertilizantes) aplicadas na industria da curtiduría.

Obxecto: A proposta ten o obxectivo de ser presentada á convocatoria bilateral INNO ESPAMAROC ENERGY: acordo con IRESEN, axencia dependente do Ministerio de Enerxía de Marruecos, para o establecemento dun programa no sector das tecnoloxías sustentables: EE. RR., eficiencia enerxética, Smart grids, Smart Cities, construción ecoeficiente, mobilidade sustentable, Green Energies, Green Mines, etc

Convoca: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial-CDTI

Prazo: A segunda Convocatoria INNO ESPAMAROC ENERGY pecharase o 24 de xaneiro de 2020.

BOLSAS

Estatat

Extracto da Resolución 23 de decembro de 2019 da Dirección da Fundación Biodiversidade, F. S. P., pola que se aproba a Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para bolsas de formación relacionadas cos fins da Fundación Biodiversidade (Boletín Oficial del Estado, Num: 314, 31-12-2019, Páx: 73180)

Destinatarios: Aquelas persoas físicas que reúnan os requisitos establecidos nos apartados 5.1 e 5.2 das Bases Reguladoras de concesión de bolsas de formación en réxime de concorrencia competitiva relacionadas cos fins da Fundación Biodiversidade.

Obxecto: O obxecto da convocatoria é conceder, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, dúas bolsas destinadas a persoas con titulación universitaria, de formación profesional ou certificado de profesionalidade no ámbito das competencias da Fundación Biodiversidade, de acordo aos perfís requiridos.

Convoca: Fundación Biodiversidade.

Prazo: Ata as 14:00 h transcorridos dez días naturais, desde a data de inicio.

EMPREGO PÚBLICO

Local

Convocatoria e bases proceso de selección para a cobertura en propiedade de once prazas de condutores de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (BOP A Coruña, Num: 1)

Destinatarios: Consultar a base segunda.

Obxecto: Aprobación da Convocatoria e regulación das Bases que rexerán no proceso selectivo para a cobertura en propiedade, contratación laboral fixa a xornada completa, de 11 prazas de condutores do servizo de RSU, correspondentes á OEP 2019, a través de procedemento de concurso-oposición.

Convoca: Concello de Arteixo.

CONVOCATORIAS

Prazo: 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación de anuncio de convocatoria no BOP.

PREMIOS

Estatat

2ª edición dos premios Sigrauto á innovación na recuperación

Destinatarios: a) Organismos públicos de investigación.
b) Universidades (públicas ou privadas) e os seus institutos universitarios.
c) Outros centros públicos de I+D: Organismos públicos e centros con personalidade xurídica propia dependentes ou vinculados á Administración Xeral do Estado, e os dependentes ou vinculados ás administracións públicas territoriais e os seus organismos, ou participados maioritariamente polo sector público, calquera que sexa a súa forma xurídica.
d) Centros tecnolóxicos de ámbito estatal e centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal.
e) Empresas do sector da recuperación dos vehículos ao final da súa vida útil.

Obxecto: Con estes premios quérese impulsar a innovación no ámbito da recuperación de materiais provenientes da xestión dos vehículos ao final da súa vida útil. Por tanto, premiaranse aqueles proxectos que supoñan unha mellora na recuperación dalgún compoñente, material ou fracción proveniente dos vehículos ao final da súa vida útil.

Convoca: Sigrauto.

Prazo: Antes do día 1 de Marzo de 2020 ás 11:00 horas.

II premio experiencias inspiradoras programa sociedade e áreas protexidas

Destinatarios: Poderán presentar as súas candidaturas entidades públicas ou privadas cuxa actividade teña relación coas áreas protexidas en España.

As propostas farán referencia a experiencias concluídas antes da data límite da convocatoria, e en calquera caso posteriores ao ano 2015.

Obxecto: O premio ten como obxectivo identificar, recoñecer e difundir proxectos e iniciativas inspiradoras que contribúan á implementación do Programa Sociedade e Áreas Protexidas e, polo tanto, a abordar os principais retos de futuro aos que se enfrontan as áreas protexidas en España.

Convoca: EUROPARC-España.

Prazo: Ata o 31 de marzo de 2020.

ACTIVIDADES

CONGRESOS

Internacional

Congreso Mundial da Natureza da UICN 2020. A Natureza, o noso futuro.

Contido: -Xestión das paisaxes para a natureza e as persoas.
-Conservar a auga doce para sustentar a vida.
-Restablecer da saúde dos océanos.
-Acelerar a mitigación e adaptación ao cambio climático.
-Defender os dereitos e garantir unha gobernanza eficaz e equitativa.
-Aproveitar os sistemas económicos e financeiros para a sustentabilidade.
-Promover o coñecemento, a aprendizaxe, a innovación e a tecnoloxía.

Lugar: Marsella, Francia.

Organizador: UICN

Inscripción: Aberta inscrición. Diferentes tarifas

Data de inicio: 11-06-2020

Data de fin: 19-06-2020

CURSOS

Galicia

Interpretación para a Conservación do Patrimonio e os Desafíos Ambientais: Metodoloxía e Técnicas de Comunicación

Contido: Coñecer a metodoloxía da interpretación do patrimonio como estratexia de comunicación do patrimonio (natural e cultural) e como ferramenta para xerar actitudes.

Lugar: Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

Organizador: CEIDA.

Inscripción: Inscrición: formacion@ceida.org - tf. 981 630 618.

Data de inicio: 14-02-2020

Data de fin: 16-02-2020

SEMINARIOS

Internacional

VII Seminario Internacional sobre Biopolímeros e Composites Sustentables

Contido: Presentaranse as tendencias en plásticos biodegradables e/ou procedentes de fontes renovables, as innovacións en biotecnoloxía e as opcións máis sustentables para a valorización dos residuos; as novidades en materia de normalización, certificación e análise de ciclo de vida (ACV) así como casos de éxito dalgunhas empresas de referencia.

ACTIVIDADES

Nun contexto de novidades na normativa que afecta a estes materiais e de gran preocupación por parte dos consumidores por comprar produtos que sexan respectuosos co medio ambiente, este encontro promoverá o debate sobre os retos e oportunidades dos bioplásticos e os biocomposites sustentables.

Lugar: Valencia

Organizador: AIMPLAS

Inscripción: Completar formulario

Data de inicio: 04-03-2020

Data de fin: 05-03-2020

OUTRAS ACTIVIDADES

Galicia

Actividades da Aula de Siradella

Contido: -Tinguíduradas con vexetais.

-Charla, Obradoiro: Limpeza ecolóxica.

Lugar: Aula de la Naturaleza de Siradella en O Grove

Organizador: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Inscripción: Inscripción previa.

Data de inicio: 18-01-2020

Data de fin: 25-01-2020

Cuestionario de Participación Aves Ártabras

Contido: O proxecto 'Aves Ártabras', é unha iniciativa que pretende avanzar na protección do medio mariño do Golfo Ártabro en base á conservación das súas aves mariñas.

O proxecto 'Aves Ártabras' culminará nas vindeiras semanas coa elaboración dun documento final que recolla os resultados de inventariado e descrición científica das poboacións de aves mariñas e do proceso participativo, pero antes de finalizar, o CEIDA quere animalo a colaborar no proceso de participación, poñendo á súa disposición un formulario co que pretende recoller as suxerencias e opinións de toda a cidadanía, tanto a título persoal como en representación de entidades públicas ou privadas.

Organizador: O CEIDA, apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecolóxica.

Outras CCAA

Barcelona Circular City

Contido:

Unha iniciativa no marco de "Circular Cities Week", o proxecto global de Circular Economy Club (CEC) que promove a colaboración entre organizacións do sector público e privado na procura de solucións para que as cidades integren a economía circular.

Lugar: Barcelona.

Organizador: Circular Economy Club (CEC).

ACTIVIDADES

Data de inicio: 14-01-2020

Data de fin: 15-01-2020

Estatál

Constitúe # TuEmpresaVerde

Contido: Servizo de axuda gratuíto a persoas emprendedoras que queiran constituír unha empresa verde e/ou azul (sociedade ou autónomo/a). Un asesoramento durante todo o proceso, realización da tramitación administrativa para a constitución óptima da empresa.

Organizador: Fundación Biodiversidad.

Inscripción: Ata o 20 de febreiro de 2020.

Mentoring gratuíto e personalizado para proxectos de emprendemento verde

Contido: Está dirixido a persoas emprendedoras cunha idea de negocio verde, a piques de lanzarse ao mercado pero que necesitan mellorar determinados aspectos do seu proxecto da man de profesionais especializados en diferentes ámbitos onde a persoa emprendedora ten máis carencias.

Lugar: On line.

Organizador: Fundación Biodiversidad.

Unión europea

EUSEW2020 - CONVOCATORIA PARA SESIÓN

Contido: A Semana da Enerxía Sustentable da UE está a lanzar a súa primeira convocatoria de contribucións. Queres unirse a #EUSEW2020?

Presente un tema convincente para unha sesión na Conferencia de Política EUSEW, que terá lugar do 23 ao 25 de xuño de 2020 en Bruselas, e mostre como está a contribuír aos obxectivos enerxéticos da UE.

Lugar: Bruselas.

Organizador: Comisión Europea.

Inscripción: 20/01/2020

Data de inicio: 23-06-2020

Data de fin: 25-06-2020

Foro de Inversión do Pacto dos Alcaldes - Mercado de finanzas de eficiencia enerxética

Contido: A conferencia incluírá sesións plenarias con representantes de alto nivel da iniciativa do Pacto dos Alcaldes, a comunidade investidora e a Comisión Europea. Tamén incluírá unha mostra de proxectos exitosos sobre:

- Financiamento da eficiencia enerxética
- Fontes de valor

ACTIVIDADES

- Investimentos preparados para o futuro.
- Financiamento da adaptación climática.
- Financiamento da mobilidade urbana limpa.
- Financiamento da eficiencia enerxética no sector público
- Financiamento de renovación de vivendas.
- Planificación innovadora de enerxía sustentable.

Lugar: Bruselas - Crowne Plaza Hotel.

Organizador: Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea, Dirección Xeral de Acción Climática e a Axencia Executiva para as Pequenas e Medianas Empresas (EASME)

Data de inicio: 18-02-2020

Data de fin: 19-02-2020

Internacional

Eco-Arquitectura 2020 (8ª Conferencia Internacional de Harmonización entre Arquitectura e Natureza)

Contido: O obxectivo desta Conferencia é revisar os desafíos e novas oportunidades para a arquitectura contemporánea. Estes son o resultado dos avances no deseño e as novas tecnoloxías da construción, así como o desenvolvemento de novos materiais.

Trataranse temas tales como tecnoloxías de construción, deseño de sistemas pasivos, deseño coa natureza, a sensibilidade cultural, análise do ciclo de vida, os recursos e a rehabilitación e moitos outros, incluíndo estudos de caso de moitos lugares diferentes de todo o mundo.

Lugar: Hotel Melia Maria Pita, A Coruña.

Organizador: Wessex Insitute of Technology (UK) e a Universidade de Alcalá de Henares (España).

Data de inicio: 05-05-2020

Data de fin: 07-05-2020

Desenvolvemento Sustentable e Planificación 2020 - 11ª Conferencia Internacional sobre o Desenvolvemento Sustentable e Planificación

Contido: O obxectivo da conferencia é reunir a académicos, gobernos locais e sector privado para falar sobre os ultimos desenvolvementos no campo do desenvolvemento sustentable, desde a investacion á implementacion de estratexias e normativas.

Lugar: Hotel Melia Maria Pita, A Coruña.

Organizador: Wessex Insitute of Technology (UK) e a Universidade de A Coruña (España).

Data de inicio: 06-05-2020

Data de fin: 08-05-2020

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Auga e Economía Circular. Fundación Conama 2019

Informe sobre a Brecha de Emisións 2019. Programa da ONU para o Medio Ambiente, Novembro 2019

Observatorio de Políticas Ambientais 2019

Centenario do Parque Nacional de Picos de Europa (1918-2018). Selección bibliográfica e recursos de información

17 aves para 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. SEO/BirdLife.Outubro de 2019

Perfil Ambiental de España 2018

RECURSOS ELECTRÓNICOS

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS NOVIEMBRE 2019. Publicacións da Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental do CEIDA. A maior parte dos materiais están dispoñibles en préstamo e se non, pode achegarse ata a sede a recollelos, dispoñen dun servizo de envío postal.

Resumo do Informe Climatolóxico de Novembro 2019

GBIF —Infraestrutura Mundial de Información en Biodiversidade

BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

